



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Lage Tuñas e Laura Seara Sobrado, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

O pasado 11 de Maio saía publicada no Diario Oficial de Galicia unha orde de axudas para as actividades programadas por entidades xuvenís e entidades prestadoras de servizos á xuventude.

Os socialistas galegos compartimos coas entidades e colectivos xuvenís de Galicia a necesidade de establecer novas canles de apoio ás estruturas asociativas, rompendo co modelo establecido dende fai anos.

Entendemos que é preciso camiñar cara un sistema que permita mellorar a planificación anual das actividades dos colectivos e entidades xuvenís.

A incorporación do CXG ás comisións de valoración da D.X. de Xuventude, dando cumprimento ao establecido na Lei 2/1987, é un paso importante que os anteriores gobernos do Partido Popular nunca foran capaces de dar.

Polo exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.- ¿Cal foi o número de solicitudes realizadas polo asociacionismo xuvenil galego ao abeiro da orde de axudas convocadas para subvencionar as actividades das entidades xuvenís de Galicia?

2.- ¿Cantas foron denegadas e cantas obtiveron unha resolución positiva?

3.- ¿Que novidades introduciu o Goberno galego á hora de facer a valoración das solicitudes con respecto a anos anteriores?

Pazo do Parlamento, 25 de Setembro de 2006

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Laura Seara Sobrado
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:
José Manuel Lage Tuñas na data 05/10/2006 13:16:58
Laura Seara Sobrado na data 05/10/2006 13:17:08

Partido dos
Socialistas
de Galicia
